

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CENTRO PARA EL DESARROLLO TECNOLÓGICO INDUSTRIAL E.P.E. E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE RELATIVO Á CONTRATACIÓN PRECOMERCIAL DE SERVIZOS DE I+D

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou o 08.04.2020 o convenio arriba referido co Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial, E.P.E.(CDTI), por un período de vixencia de 4 anos, que vai dende a súa publicación no Boletín Oficial do Estado o 30.04.2020, unha vez inscrito no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal, ate o día 30.04.2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto colaborar activamente nun proceso de contratación pública precomercial para a consecución dos seguintes obxectivos:

- Solucionar, mediante a contratación de servizos de I+D, a necesidade pública detectada polo Servizo Galego de Saúde no ámbito das súas competencias e definida no Anexo I do presente convenio, que non pode ser satisfeita a través dos produtos ou solucións existentes no mercado.
- Cooperar na procura da solución tecnolóxica máis adecuada para resolver a referida necesidade pública.
- Promover a innovación tecnolóxica no ámbito dos ensaios/estudos clínicos.
- Estimular e promover o desenvolvemento de tecnoloxías aplicadas ás citadas necesidades.

A contratación precomercial que efectúen as partes en cooperación deberá ter as seguintes características:

- Enmarcarase necesariamente nalguna das seguintes categorías de I+D: investigación industrial e/ou desenvolvemento experimental, concretamente, nas fases TRL 4 a TRL 7, segundo as definicións da cláusula segunda do convenio.

-O obxecto do contrato deberá corresponder a algún dos seguintes CPVs* de servizos de I+D:

- 73000000-2 a 73120000-9, que comprende: “*Servizos de investigación e desenvolvemento e servizos de consultoría conexos; Servizos de investigación e desenvolvemento experimental; Servizos de investigación; Servizos de laboratorio de investigación; Servizos de investigación mariña; Servizos de desenvolvemento experimental*”.
- 7330000-5, relativa a servizos de “*Deseño e execución en materia de investigación e desenvolvemento*”.

- 73420000-2, sobre servizos de “*Estudo de pre-viabilidade e demostración tecnolóxica*”.
- 73430000-5, inclusiva de servizos de “*Ensaio e avaliación*”.
-

- O contrato deberá ter duración limitada e poderá incluír o desenvolvemento de prototipos ou un volume limitado de primeiros produtos ou servizos a modo de serie de proba, aínda que en ningún caso a compra de volumes de produtos ou servizos comerciais será obxecto da contratación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase, entre outros, en que:

- No desenvolvemento das súas funcións, o 25.04.2019, o Consello de Administración do CDTI acordou levar a cabo unha iniciativa para fomentar o proceso de compra pública precomercial co obxecto de resolver necesidades públicas susceptibles de ser satisfeitas mediante a contratación de servizos de I+D. Dita iniciativa será cofinanciada a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

- A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde teñen a competencia da dirección, control e desenvolvemento das funcións e competencias que corresponden á Xunta de Galicia en materia de sanidade e entre os seus fins figura a prestación de asistencia sanitaria a través dos centros, servizos e establecementos da rede galega de atención sanitaria de utilización pública, así como tamén a execución e o desenvolvemento de programas de investigación e innovación no ámbito sanitario. No ámbito das súas funcións, o Servizo galego de Saúde, a través da Axencia galega de coñecemento en Saúde, detectou a necesidade de mellorar a xestión da investigación e a súa maior conexión coa actividade asistencial que pode ser resolta a través dun proceso de contratación precomercial de servizos de I+D, xa que as solucións existentes no mercado non satisfán a referida necesidade.

- De acordo co exposto, as entidades asinantes están interesadas en cooperar co fin de desenvolver un proceso de contratación precomercial de forma conxunta nos termos sinalados no presente convenio.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estíbase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

